



ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

SESIÓN ORDINARIA DO 15 DE MARZO DE 2018

ASISTENTES:

Alcalde- Presidente:

D. José Luis Oujo Pouso.

Concelleiros:

D^a. María José Maneiro Quintáns.

D. José Manuel Deán Pouso.

D. Antonio Romero Ribeiro.

D^a. M^a Magdalena Pérez Millares

Secretario:

D. José Manuel González García.

Na Alcaldía- Presidencia da **Casa do Concello** de Porto do Son, sendo as 14:00 horas do día **15 de marzo de 2018**, reúnese a Xunta de Goberno Local en **sesión ordinaria**, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Xunta de Goberno Local está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez comprobada polo secretario a válida constitución da Xunta de Goberno Local, posto que asisten a maioría absoluta dos seus integrantes, o Sr. Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido, a Xunta de Goberno Local procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**, e que se relacionan a continuación:

1.- APROBACIÓN DE ACTAS.

1.1.- Acta do 23 de febreiro de 2018.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

2.1.- Licenza de obra. Expediente 245/2017.

2.2.- Licenza de obra. Expediente 256/2017.

2.3.- Licenza de obra. Expediente 257/2017.

2.4.- Licenza de obra. Expediente 278/2017.

2.5.- Licenza de obra. Expediente 5/2018.

2.6.- Licenza de obra. Expediente 13/2018.

2.7.- Comunicacions previas de obra.

2.8.- Comunicacions previas de actividade.

3.- PATRIMONIO MUNICIPAL

3.1.- Recuperación da posesión sobre un espazo público.

4.- ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNS.



1. APROBACIÓN DE ACTAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **APROBA** a acta correspondente á sesión extraordinaria do 23 de febreiro de 2018.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a adopción deste acordo de conformidade coa delegación de competencias efectuada mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño, imponlle ás **licenzas e ás comunicacións previas urbanísticas**, as seguintes **condicións xerais**, de obrigado cumprimento:

1/ As licenzas outórgase **sen prexuízo de terceiros**, deixando a **salvo o dereito de propiedade** e doutras autorizacións administrativas, sen que se poida invocar a licenza para excluír ou dirimir a responsabilidade civil ou penal na que incorreran os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

2/ No caso de ser imprescindible a **ocupación da vía pública**, debe obterse a preceptiva licenza municipal de ocupación de vía pública e, unha vez rematada a obra, deberán repoñerse os desperfectos que se causaran á vía.

3/ Faise advertencia expresa que na execución das obras deberán adoptarse as **medidas que en materia de seguridade e saúde no traballo** veñan esixidas pola normativa na materia en vigor, especialmente no Real Decreto 1627/1997, de 14 de marzo.

4/ Finalizadas as obras debe comunicarse ao concello esta circunstancia a fin de efectuar as comprobacións pertinentes, así como a **liquidación definitiva de tributos** e outorgamento das licenzas que procedan.

5/ Prazo de execución: a obra debe iniciarse no prazo máximo de 6 meses dende a notificación do outorgamento da licenza e deberá estar rematada no prazo máximo de 3 anos, a contar dende esa mesma data, non sendo posible interromper as obras por tempo superior a 6 meses.

No caso de tratarse de obras menores, o prazo non poderá exceder de 3 meses para o inicio e de 12 meses para o remate, non podendo interromperse por tempo superior a 6 meses.

6/ As obras deben realizarse coas debidas condicións de **seguridade e solidez**.

7/ En caso de perda de vixencia das **autorizacións sectoriais pertinentes** deberán renovarse non sendo posible a continuación das obras sen cumprir este trámite.

8/ Nas obras que se **executasen con inobservancia das condicións da licenza ou comunicación** serán sancionadas por **infracción urbanística** as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, así como os técnicos redactores do proxecto e directores das obras. Neste sentido, todo técnico, polo só feito de asinar unha solicitude de licenza de obra, declara coñecer as condicións que se esixen e a normativa urbanística aplicable ao Concello de Porto do Son, aceptando as responsabilidades que se deriven da súa aplicación.

Os arquitectos directores das obras son responsables mancomunadamente cos propietarios, das infraccións das normas urbanísticas sempre que ao advertir calquera circunstancia pola que se aparten das condicións en que se concedan as licenzas, non o comuniquen por escrito ao Concello.



9/ Será requisito indispensable en tódalas obras dispor ao pé da obra de **copia da licenza ou comunicación previa**, e **nas obras maiores do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, número de plantas autorizadas, prazo de execución das obras, data de outorgamento da licenza e o número de expediente.

10/ De ser oportuno, recórdase ao solicitante que antes do comezo das obras deberá solicitar ao Concello a **acta de comprobación de aliñacións**.

11/ No caso de obra maior, finalizadas as obras deberá solicitar a oportuna **licenza de primeira ocupación**, de conformidade co sinalado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

12/ Debe darse cumprimento ao Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a **producción e xestión dos residuos de construción e demolición**. O artigo 4, relativo ás Obrigas do produtor de residuos de construción e demolición, apartado c, sinala: “*dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado, nos termos recollidos neste Real Decreto, e, en particular, no estudo de xestión de residuos na obra o nas súas modificacións. A documentación correspondente a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.*”

13/ Debe respectarse o establecido no artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, isto é, as construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, polo que:

- A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no entorno inmediato e na paisaxe.
- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

2.1) **LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 245/2017.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. P** solicitou en data 27/10/2017 (r.e. 6723) licenza municipal para “**construción de pista de tenis descuberta**” na parcela situada no lugar da Silva, s/n- Goiáns, coas referencias catastrais:4830110NH0342N0001MA, 4830109NH0342N0001KA, 4830108NH0342N0000IP, 15072A003012220000PK, 15072A003012230000PR, segundo o proxecto básico e de execución modificado redactado polo arquitecto D. A** de data febreiro de 2018 (visado COAG nº 1707053.6 de 26/02/2018).

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **245/2017** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 15/03/2018 e o informe de Secretaría de data 14/03/2018.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D. P** a licenza municipal para “**construcción de pista de tenis descuberta**” na parcela situada no lugar da Silva, s/n- Goiáns, coas referencias catastrais:4830110NH0342N0001MA, 4830109NH0342N0001KA, 4830108NH0342N0000IP, 15072A003012220000PK, 15072A003012230000PR, segundo o proxecto básico e de execución modificado redactado polo arquitecto D. A** de data febreiro de 2018 (visado 1707053.6 de

26/02/2018), condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

“Clasificación urbanística do solo:

Segundo o plano nº Serie O-3, folla 2-D do PXOM, a parcela na que se proxecta a edificación está clasificada como **Solo Rústico de Especial protección Agropecuria**

A disposición transitoria primeira da LSG, que regula o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado. O apartado 1 refírese a planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002 (salvo mellor criterio no presente informe aplícase este apartado 1). No punto d) establece que *Ao solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.*

LSG, Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogados a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; a Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo; o artigo 13 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia; a disposición adicional segunda da Lei 7/1998, do 30 de decembro, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública e xestión; e a disposición adicional sexta da Lei 14/2009, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, así como cantos preceptos de igual ou inferior rango, incluídas as determinacións do planeamento urbanístico, se opoñan ao disposto nesta lei.

Condicións de uso (artigos 35, 36 LSG):

Proxéctase unha pista descuberta de tenis, que encaixa no apartado d do artigo 35 da LSG, polo que en base ao artigo 36 da LSG, é autorizable mediante licenza municipal de obras previa obtención do informe ou autorización sectorial correspondente, por estar en solo rústico de especial protección agropecuaria. Neste caso conta co informe favorable da Consellería do Medio Rural.

Condicións de edificación (artigo 39 LSG, 59, 60, 61 RLSG):

A parcela conta con acceso rodado segundo se xustifica na documentación aportada, e para o uso que se pretende levar a cabo non precisa ter resoltos os servizos de abastecemento de auga e saneamento.

Ao non tratarse dunha edificación en altura nin en volume, non procede a aplicación do artigo 69 do RLSG.

O proxecto desenvolve os argumentos para xustificar a idoneidade da localización elixida.

O proxecto cumpre cos parámetros de superficie mínima de parcela, ocupación, e recuamento a lindeiros.

PARÁMETRO	LSG	PROXECTO
Liña de edificación	$\geq 4m$ dende eixe de viario	4,00m
Superficie de parcela	$2.000m^2$	$2.206,00m^2$
Ocupación	<i>Non procede por ser pista deportiva</i>	-
Recuado a lindeiros	5m	5,00m
Uso	<i>35.d. actividades de carácter deportivo ao aire libre, coas obras e instalacións imprescindibles para o uso de que se trate</i>	Pista de tenis ao aire libre

Condições particulares:

- As obras axustaranse ao proxecto básico e de execución de pista de tenis descuberta (modificado), asinado polo arquitecto D. A**, colexiado nº2.140, visado co nº 1707053,6 en data 26.02.2018.
- Farase constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie exixible á construción e ao uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e á edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística (artigo 39.e) da LSG). Achegarase ao Concello o cumprimento deste deber antes do inicio das obras.
- Antes do inicio das obras, achegarase ao Concello nomeamento de dirección de obra, dirección de execución e coordinador de seguridade e saúde se procede.
- No caso que durante a execución das obras prodúzanse danos na vía pública, esta repoñerase ao estado no que estaba antes do inicio das mesmas.
- As obras axustaranse a tódalas normativas técnicas, urbanísticas, de salubridade, seguridade e medioambientais de aplicación.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
			Taxa pagada	78,67 €	
15.735,54 euros	2,7%	424, 86 euros	Taxa definitiva	78,67 €	424,86 euros
			Liquidación	00,00 €	

CUARTO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

QUINTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.2) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 256/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. J** solicitou en data 16/10/2017 (r.e. 7113) licenza municipal para **“legalización dunha edificación anexa a vivenda ”** situada no lugar de Cubelas, Seráns- San Pedro de



Muro, coa referencia catastral 15072A034009520001AO, segundo o proxecto de legalización redactado pola arquitecta D^a. B**.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **256/2017** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 02/03/2018 no que se fai constar:

“(…) **TERCEIRO.-**

Solicítase legalización de anexo a edificación residencial en solo rústico.

A disposición transitoria terceira da LSG establece que as edificacións executadas en solo rústico ao abeiro de licenza urbanística poderán manter o uso autorizado e, logo de licenza municipal, poderán executarse obras de ampliación sempre que se obteña a autorización ou informe favorable do órgano coa competencia sectorial correspondente cando se trate de solo rústico de especial protección (neste caso a Consellería de Medio Rural, por estar en solo rústico de especial protección agropecuaria); que cumpra as condicións de edificación establecidas polo artigo 39 da LSG; que se adopten as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia sobre o territorio e a mellor protección da paisaxe; e que se manteñan o uso e a actividade autorizados orixinariamente, ou os regulados no artigo 40 da LSG.

En primeiro lugar, e para determinar si as obras que se pretenden legalizar encaixan no ámbito de aplicación da citada disposición transitoria terceira da LSG, é necesario verificar si a edificación residencial existente na parcela foi executada ao abeiro de licenza urbanística no seu momento.

*Consta expediente de obras no que se outorga a D. J** licenza para construción dunha vivenda unifamiliar en base a proxecto visado en data 20/03/2001.*

Segundo se pode ver no plano de emprazamento do proxecto en base ao cal se outorgou licenza, e comparándoo co plano de situación e emprazamento contido no expediente de legalización que se informa, así como coa ortofoto do PNOA, a edificación residencial sitúase nunha parcela distinta á parcela que se recolle no proxecto en base ao cal se llo outorgou licenza, así mesmo, a posición da edificación non corresponde coa do proxecto.

*No proxecto de legalización presentado non se define o estado actual da edificación destinada a vivenda unifamiliar, polo que non é posible verificar si existen máis discrepancias entre a realidade construída e o proxecto que obtivo licenza, polo que, sen prexuízo de que existisen outras discrepancias ademais das aquí expostas, estas son suficientes para determinar que **as obras executadas non se axustan á licenza** concedida en base aos planos visados con data 20 de marzo de 2001. É por isto, que a actuación non ten encaixe no ámbito de aplicación da Disposición Transitoria Terceira da LSG, e polo tanto **as obras non serían legalizables.**”*

Visto o informe de Secretaría de data 14/03/2018 no que se fai constar:

“CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS



(...) **Quinta.-** A solicitude que se examina ten por obxecto a legalización dunha edificación anexa a vivenda situada na paraxe de Cubelas, Seráns – San Pedro de Muro, nunha parcela clasificada polo PXOM como “solo rústico de especial protección agropecuaria”.

Segundo a Disposición Transitoria 1ª LSG, apdo. 1. d) “ao solo rústico, aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contempladas no planeamento respectivo”.

En data 15/02/2018 a Consellería do Medio Rural informou favorablemente a actuación para a que se solicita licenza.

O art. 35.1 LSG unicamente permite o uso residencial en solo rústico cando estea vinculado a unha explotación agrícola ou gandeira; fóra dese suposto, estará prohibido (art. 35.2 LSG).

A legalización pretendida, exposto o anterior, unicamente podería tramitarse ao abeiro do previsto na Disposición Transitoria 3ª LSG segundo a cal as construcións executadas en solo rústico ao amparo de licenza urbanística poderán manter o uso autorizado, podendo executarse nelas obras de mellora e reforma das instalacións, sen incremento da superficie edificada legalmente, aínda cando non cumprisen as condicións de implantación, uso e edificación establecidas pola LSG. Así mesmo, esa disposición transitoria permite, naquelas edificacións (as construídas con licenza urbanística) obras de ampliación da superficie licitamente edificada cumprindo os seguintes requisitos:

- Obtención da autorización autonómica ou do informe favorable do órgano sectorial competente, cando se trate de solo rústico de especial protección.
- Que se cumpran as condicións de edificación establecidas no art. 39 LSG e no planeamento urbanístico.
- Que se adopten as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia sobre o territorio e a protección da paisaxe.
- Que se manteñan o uso e a actividade autorizados orixinariamente ou os regulados no art. 40 LSG (usos residenciais, terciarios ou produtivos, actividades turísticas ou artesanais e pequenos talleres e equipamentos en edificacións existentes á entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio).

Pois ben, a edificación residencial á que está anexa a construción que se pretende legalizar foi autorizada por licenza outorgada o 21/12/2001. Non obstante, a edificación realmente executada sitúase nunha parcela cunha conformación distinta da indicada no proxecto presentado para o outorgamento da licenza de obra e a súa posición sobre o terreo tamén difire da reflectida no proxecto.

Cando as obras realmente executadas difiren das amparadas pola licenza urbanística outorgada a xurisprudencia vén considerando de xeito constante que as obras carecen de licenza. Por todas, a STS 31/01/1997 deixa sentado que “o titular da licenza atópase suxeito aos termos da mesma de tal modo que única e exclusivamente poderá executar aquelas obras que a licenza autoriza, cumprindo escrupulosamente as dimensións, características e emprazamento das obras autorizadas. O contrario é un suposto de obras sen licenza”. Neses supostos execución de obras sen axustarse á licenza, transcorrido o prazo para o exercicio pola Administración da súa competencia para a reposición da legalidade urbanística o art. 153 LSG asimila a situación desas edificacións á de fóra de ordenación e ese é o réxime xurídico que lles resulta de aplicación.

Polos motivos indicados, non pode entenderse que a legalización pretendida poida acollerse ao previsto na D.T. 3ª LSG.

No informe técnico do 02/03/2018 indícase, ademais, unha serie de omisións no proxecto de legalización presentado que, entre outros, impiden verificar o cumprimento dos parámetros urbanísticos legais que han de cumprir as edificacións en solo rústico.”



Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Denegar a D. J** a licenza municipal para “**legalización dunha edificación anexa a vivenda**” situada no lugar de Cubelas, Seráns- San Pedro de Muro, coa referencia catastral 15072A034009520001AO, polos motivos indicados nos informes técnicos e de Secretaría que se transcriben na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible	Tipo impositivo	Cota tributaria
12.636,00 euros.	0,25 %	31,60 euros

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables.

2.3) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 257/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. D** solicitou en data 16/10/2017 (r.e. 7114) licenza municipal para “**legalización dunha edificación anexa a vivenda**” situada no lugar de Cubelas, Seráns- San Pedro de Muro, coa referencia catastral 15072A034001690001AA, segundo o proxecto de legalización redactado pola arquitecta D^a. B**.

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **257/2017** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 02/03/2018 no que se fai constar:

“(…) **TERCEIRO.-**

Solicítase legalización de anexo a edificación residencial en solo rústico. E legalización con demolición e reconstrución de anexo a vivenda.

A disposición transitoria terceira da LSG establece que as edificacións executadas en solo rústico ao abeiro de licenza urbanística poderán manter o uso autorizado e, logo de licenza municipal, poderán executarse obras de ampliación sempre que se obteña a autorización ou informe favorable do órgano coa competencia sectorial correspondente cando se trate de solo rústico de especial protección (neste caso a Consellería de Medio Rural, por estar en solo rústico de especial protección agropecuaria); que cumpra as condicións de edificación establecidas polo artigo 39 da LSG; que se adopten as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia sobre o territorio e a mellor protección da paisaxe; e que se manteñan o uso e a actividade autorizados orixinarimente, ou os regulados no artigo 40 da LSG.



En primeiro lugar, e para determinar si as obras que se pretenden legalizar encaixan no ámbito de aplicación da citada disposición transitoria terceira da LSG, é necesario verificar si a edificación residencial existente na parcela foi executada ao abeiro de licenza urbanística no seu momento.

*Consta expediente de obras no que se outorga a D. D** licenza para construción dunha vivenda unifamiliar en base a proxecto visado en data 20/03/2001.*

Segundo se pode ver no plano de emprazamento do proxecto en base ao cal se outorgou licenza, e comparándoo co plano de situación e emprazamento contido no expediente de legalización que se informa, así como coa ortofoto do PNOA, a edificación residencial sitúase nunha parcela distinta á parcela que se recolle no proxecto en base ao cal se llo outorgou licenza, así mesmo, a posición da edificación non corresponde coa do proxecto.

*Nos proxectos presentados non se define o estado actual da edificación destinada a vivenda unifamiliar, polo que non é posible verificar si existen máis discrepancias entre a realidade construída e o proxecto que obtivo licenza, polo que, sen prexuízo de que existisen outras discrepancias ademais das aquí expostas, estas son suficientes para determinar que **as obras executadas non se axustan á licenza** concedida en base aos planos visados con data 20 de marzo de 2001. É por isto, que a actuación non ten encaixe no ámbito de aplicación da Disposición Transitoria Terceira da LSG, e polo tanto **as obras non serían legalizables.***

Visto o informe de Secretaría de data 14/03/2018 no que se fai constar:

“CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

*(...) **Quinta.-** A solicitude que se examina ten por obxecto a legalización dunha edificación anexa a vivenda situada na paraxe de Cubelas, Seráns – San Pedro de Muro, nunha parcela clasificada polo PXOM como “solo rústico de especial protección agropecuaria”.*

Segundo a Disposición Transitoria 1ª LSG, apdo. 1. d) “ao solo rústico, aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contempladas no planeamento respectivo”.

En data 15/02/2018 a Consellería do Medio Rural informou favorablemente a actuación para a que se solicita licenza.

O art. 35.1 LSG unicamente permite o uso residencial en solo rústico cando estea vinculado a unha explotación agrícola ou gandeira; fóra dese suposto, estará prohibido (art. 35.2 LSG).

A legalización pretendida, exposto o anterior, unicamente podería tramitarse ao abeiro do previsto na Disposición Transitoria 3ª LSG segundo a cal as construcións executadas en solo rústico ao amparo de licenza urbanística poderán manter o uso autorizado, podendo executarse nelas obras de mellora e reforma das instalacións, sen incremento da superficie edificada legalmente, aínda cando non cumprisen as condicións de implantación, uso e edificación establecidas pola LSG. Así mesmo, esa disposición transitoria permite, naquelas edificacións (as construídas con licenza urbanística) obras de ampliación da superficie lícitamente edificada cumprindo os seguintes requisitos:

- Obtención da autorización autonómica ou do informe favorable do órgano sectorial competente, cando se trate de solo rústico de especial protección.*

- *Que se cumpran as condicións de edificación establecidas no art. 39 LSG e no planeamento urbanístico.*
- *Que se adopten as medidas correctoras necesarias para minimizar a incidencia sobre o territorio e a protección da paisaxe.*
- *Que se manteñan o uso e a actividade autorizados orixinariamente ou os regulados no art. 40 LSG (usos residenciais, terciarios ou produtivos, actividades turísticas ou artesanais e pequenos talleres e equipamentos en edificacións existentes á entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio).*

Pois ben, a edificación residencial á que está anexa a construción que se pretende legalizar foi autorizada por licenza outorgada o 24/08/2001. Non obstante, a edificación realmente executada sitúase nunha parcela cunha conformación distinta da indicada no proxecto presentado para o outorgamento da licenza de obra e a súa posición sobre o terreo tamén difire da reflectida no proxecto.

Cando as obras realmente executadas difiren das amparadas pola licenza urbanística outorgada a xurisprudencia vén considerando de xeito constante que as obras carecen de licenza. Por todas, a STS 31/01/1997 deixa sentado que “o titular da licenza atópase suxeito aos termos da mesma de tal modo que única e exclusivamente poderá executar aquelas obras que a licenza autoriza, cumprindo escrupulosamente as dimensións, características e emprazamento das obras autorizadas. O contrario é un suposto de obras sen licenza”. Neses supostos execución de obras sen axustarse á licenza, transcorrido o prazo para o exercicio pola Administración da súa competencia para a reposición da legalidade urbanística o art. 153 LSG asimila a situación desas edificacións á de fóra de ordenación e ese é o réxime xurídico que lles resulta de aplicación.

Polos motivos indicados, non pode entenderse que a legalización pretendida poida acollerse ao previsto na D.T. 3ª LSG.

No informe técnico do 02/03/2018 indícase, ademais, unha serie de omisións no proxecto de legalización presentado que, entre outros, impiden verificar o cumprimento dos parámetros urbanísticos legais que han de cumprir as edificacións en solo rústico.”

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Denegar a D. D** a licenza municipal para “**legalización dunha edificación anexa a vivenda**” situada no lugar de Cubelas, Seráns- San Pedro de Muro, coa referencia catastral 15072A034001690001AA, polos motivos indicados nos informes técnicos e de Secretaría que se transcriben na parte positiva deste acordo.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible	Tipo impositivo	Cota tributaria
21.270,60 euros.	0,25 %	53,02 euros

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables.



2.4) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 278/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que Maderas Ornada, SA solicitou en data 20/12/2017 (r.e. 7880) licenza municipal para **“o reforzo estrutural dunha edificación existente”** situada no lugar de A Moreira, s/n- Miñortos, coa referencia catastral: 5452501NH035550001KT segundo o proxecto básico e de execución redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. J** de data decembro de 2017 (visado 3096/17-CO).

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº **278/2017** e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 21/02/2018 e o informe de Secretaría de data 14/03/2018.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a Maderas Ornada, SA a licenza municipal para **“o reforzo estrutural dunha edificación existente”** situada no lugar de A Moreira, s/n- Miñortos, coa referencia catastral: 5452501NH035550001KT segundo o proxecto básico e de execución redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. J** de data decembro de 2017 (visado 3096/17-CO), condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

“Clasificación urbanística do solo:

Segundo o plano nº Serie O-3, folia 4-R do PXOM, a parcela na que se proxecta a edificación está clasificada como **Solo Urbano, ordenanza 7 de edificación industrial.**

A disposición transitoria primeira da LSG, que regula o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado. O apartado 1 refírese a planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002 (salvo mellor criterio no presente informe aplícase este apartado 1). No punto a) establece que *Ao solo urbano, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.*

LSG, Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogados a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; a Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo; o artigo 13 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia; a disposición adicional segunda da Lei 7/1998, do 30 de decembro, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública e xestión; e a disposición adicional sexta da Lei 14/2009, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, así como cantos preceptos de igual ou inferior rango, incluídas as determinacións do planeamento urbanístico, se opoñan ao disposto nesta lei.

Condicións de edificación e uso:

As obras que se pretenden levar a cabo non constitúen modificación das condicións de uso nin das condicións de edificación da edificación existente, xa que se trata dun reforzo estrutural para manter o uso e edificabilidade existente.

A edificación non é plenamente compatible co disposto no planeamento por non cumprir as condicións de recuamento verbo da aliñación, que é de 5m.

En base ao disposto no artigo 90 da LSG, nas edificacións incompatibles co planeamento, pero que non están incursas na situación de fóra de ordenación por non estar afectadas por viarios, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos, como é o caso, permítense cando menos as obras necesarias para o mantemento do uso preexistente.

No caso que nos ocupa, queda xustificado no proxecto que as obras propostas están encamiñadas a manter o uso preexistente na edificación cuxa estrutura se pretende reforzar.

Condicións particulares:

- As obras axustaranse ao proxecto básico e de execución de reforzo estrutural en edificación existente asinado polo Enxeñeiro técnico industrial D. J**, colexiado nº1.405, visado co nº 3096/17-CO en data 15.12.2017.
- No caso que durante a execución das obras prodúzanse danos na vía pública, esta repoñerase ao estado no que estaba antes do inicio das mesmas.
- As obras axustaranse a tódalas normativas técnicas, urbanísticas, de salubridade, seguridade e medioambientais de aplicación.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
			Taxa pagada	30,05 €	
2.360,00 euros	2%	47,20 euros	Taxa definitiva	30,05 €	47,20 euros
			Liquidación	00,00 €	

CUARTO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

QUINTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.5) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 5/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D. J** e D^a M** solicitan en data 10/01/2018 (r.e 214) licenza municipal para “**parcelación e agrupación das parcelas resultantes a fincas lindeiras**” dunha finca situada no lugar de Agra, s/n – Xuño, coa referencia catastral 7907426MH9270N0001ZP, segundo o proxecto de segregación e parcelación redactado polo arquitecto D. M**

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº 5/2018 e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 21/02/2018 e o informe de Secretaría de data 14/03/2018.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D. J** e D^a M** a licenza municipal solicitada para “**parcelación e agrupación das parcelas resultantes a fincas lindeiras**” da finca situada no lugar de Agra, s/n – Xuño, coa referencia catastral 7907426MH9270N0001ZP, segundo o proxecto de segregación e parcelación redactado polo arquitecto D. M**, condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

“Clasificación urbanística do solo:

Segundo o plano nº Serie O-3, folia 33-G do PXOM, a parcela que se pretende parcelar está clasificada como **solo de núcleo rural de tipo básico común de grao 2**.

A disposición transitoria primeira da LSG, que regula o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado. O apartado 1 refírese a planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002 (salvo mellor criterio no presente informe aplícase este apartado 1). No punto c) establece que *Ao solo de núcleo rural e ás súas áreas de expansión, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.*

Condicións urbanísticas das parcelas:

Finca matriz (sen edificar):

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	600m ²	980,00m ² (1.068m ² segundo catastro)
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000	Invade viario, polo que precede cesión
Fronte mínima	9m	12,16m

O artigo 150.2 da LSG dispón que *Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituír un novo.*

Neste caso obteríanse lotes inferiores á parcela mínima esixida, pero como a finalidade é a de agrupalos aos predios lindeiros, a parcelación está permitida.

As parcelas lindeiras ás que se van agrupar os lotes segregados son:

7907427MH9270N0001UP cunha superficie segundo proxecto de 1.140,00m² + 30,80m² (segundo catastro 1.100 m²)

7907425MH9270N0001SP cunha superficie segundo proxecto de 732,00m² (segundo catastro 729 m²)

Fincas resultantes:

Finca A:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	600m ²	1.609,00m ²
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000	Segundo aliñacións do PXOM. Procede cesión
Fronte mínima	9m	21,00m

Finca B:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Parcela mínima	600m ²	1.205,30m ² (redondéase de 1.508,6m ²)
Aliñacións	As grafitadas nos planos escala 1:2000	Segundo aliñacións do PXOM
Fronte mínima	9m	10,70m

Cesión a viario:

Procede cesión a viarios segundo plano nº5 aportado no proxecto, cun total de 68,5m².

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aceptar a cesión do solo da parcela situado fóra da aliñación marcada polo PXOM formalizada no documento administrativo de data 14/03/2018.

CUARTO.- Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Taxa de tramitación	
Taxa pagada	337,68 €
Taxa definitiva	337,68 €
Pendente de pago	00,00 €

QUINTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables.”

2.6) LICENZA DE OBRA. EXPEDIENTE 13/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“Visto que D^a. M^{**} solicitou en data 30/01/2018 (r.e. 598) licenza municipal para “**construción vivenda unifamiliar illada**” na rúa Laxieles,s/n- Porto do Son, coa referencia catastral 0105121NH0300N0001LU, segundo o proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta D. M^{**} de data 29 de xaneiro de 2018 (visado 1800458.2- 1800458.5).

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº 13/2018 e, en particular, o informe dos servizos técnicos municipais de data 14/03/2018 e o informe de Secretaría de data 14/03/2018.

Considerando o establecido no art. 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre o procedemento de outorgamento das licenzas urbanísticas.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D^a. M^{**} a licenza municipal para “**construción vivenda unifamiliar illada**” na rúa Laxieles, s/n- Porto do Son, coa referencia catastral 0105121NH0300N0001LU, segundo o proxecto básico e de execución redactado pola arquitecta D. M^{**} de data 29 de xaneiro de 2018 (visado 1800458.2- 1800458.5), condicionada en todo momento ao cumprimento das prescricións xerais das normas urbanísticas de aplicación e ás condicións que se detallan a continuación:

“Clasificación urbanística do solo:

Segundo o plano nº Serie O-4, follas 26-C e 27-C do PXOM, a parcela na que se proxecta a edificación está clasificada como **Solo Urbano, ordenanza 4 grao 2.**

A disposición transitoria primeira da LSG, que regula o réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado. O apartado 1 refírese a planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002 (salvo mellor criterio no presente informe aplícase este apartado 1). No punto a) establece que *Ao solo urbano, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo.*

LSG, Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Quedan derogados a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; a Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo; o artigo 13 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia; a disposición adicional segunda da Lei 7/1998, do 30 de decembro, de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública e xestión; e a disposición adicional sexta da Lei 14/2009, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, así como cantos preceptos de igual ou inferior rango, incluídas as determinacións do planeamento urbanístico, se opoñan ao disposto nesta lei.

Condicións de ordenación da edificación en solo Urbano Ordenanza 4 Grao 2:

PARÁMETRO	PXOM	PROXECTO
Tipoloxía	<i>Apareada / Exenta</i>	Exenta
Aliñación	<i>s/plano</i>	s/ plano
Liña de edificación	<i>≥ 4m dende aliñación</i>	4,00m
Superficie de parcela	<i>300m²</i>	441m ²
Edificabilidade	<i>0,5m²/m²</i>	0,37 m ² /m ²
Ocupación	<i>50%</i>	20,71%

Fronte de parcela	9m	11,90m
Altura máxima sobre rasante	7m	6,30m
Altura máxima permitida	8m	6,30m
Número de plantas máximo permitido	PB+1+BC	PB+1
Recuado a lindeiros	3m	3,00m
Altura máxima do cumio	4,00	2,00m
Pendente máxima da cuberta	35º	17º
Superficie de cesión	Segundo aliñación	8,00m ²
Uso	Residencial Categoría 1ª: vivenda unifamiliar	Vivenda unifamiliar
Aparcadoiros	2 prazas por vivenda	Non xustifica

Condições particulares:

- As obras axustaranse ao proxecto básico e de execución para construción de vivenda unifamiliar illada asinado pola arquitecta M**, colexiada nº2.188, visado co nº 1800458,2 en data 29.01.2018, modificado polo plano visado nº 1800458,5 de data 13.03.2018, e o anexo visado número 1800458,5 en data 13.03.2018, e escrito presentado en data 13.3.2018 (r.e.1520).
- Os titulares da parcela teñen que cumprir co deber de cesión dos terreos destinados a viario fóra de aliñación, segundo o disposto no artigo 20 da LSG. Neste caso a superficie de cesión é de 8,00m², segundo plano incorporado ao proxecto.
- Cumprírase a obriga de completar a urbanización da fronte da parcela, en base ao disposto no artigo 20 da LSG, e segundo o Anexo aportado pola promotora, e visado con data 13.03.2018, constituíndo unha garantía para a execución das obras polo importe das mesmas, que é de 300€.
- Conectarase aos servizos de abastecemento de auga e saneamento existentes na fronte da parcela, previa autorización municipal, e nas condicións regulamentariamente determinadas.
- As obras axustaranse a tódalas normativas técnicas, urbanísticas, de salubridade, seguridade e medioambientais de aplicación.

SEGUNDO.- Ordenar ao solicitante o íntegro cumprimento das **cláusulas xerais** de aplicación a todas as licenzas de obra.

TERCEIRO.- Aceptar a cesión do solo da parcela situado fóra da aliñación marcada polo PXOM formalizada no documento administrativo de data 14/03/2018.

CUARTO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre Construcións, instalacións e obras e a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, relativa ao expediente arriba referenciado, que a continuación se indica:

Base imponible ICIO: orzamento	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO	Taxa de tramitación		PENDENTE PAGO
			Taxa pagada	207 €	
82.800,00 euros	2 %	1.656,00 euros	Taxa definitiva	207 €	1.656,00 euros



			Liquidación	00 €	
--	--	--	--------------------	-------------	--

QUINTO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

SEXTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.7) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA.

2.7.1- Expediente nº 255/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J** o 16/11/2017 (r.e 7112) para realizar obras de “**reforma interior de local para uso comercial**” no inmovible situado na Avda da Constitución 54 baixo- Portosín, coa referencia catastral 4541813NH0344S0032EY.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
2.318,69 euros	2%	46,37 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.7.2- Expediente nº 27/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J** o 05/03/2018 (r.e. 1256) para realizar obras de “**colocación de pranchas de madeira nas fachadas**” da vivenda situada no lugar de Seráns, 72- San Pedro de Muro, coa referencia catastral 15072A034003440001AO.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
2.500,00 euros	2%	50,00 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.7.3 - Expediente nº 31/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. L** o 12/03/2018 (r.e. 1480) para realizar obras de “**cambio de tella nun auga do tellado**” da vivenda situada no lugar de Agra, 47- Xuño, coa referencia catastral 8005432MH9280N0001F.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
3.140,50 euros	2%	62,81 €

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.7.4- Expediente nº 34/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. F** o 14/03/2018 (r.e. 1242) para realizar obras de “**cambiar o tellado con tella do pais**” da



vivenda situada no lugar de Vistipoi, 3- Xuño, coa referencia catastral 001100300NH02A0001XX.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
3.677,69 euros	2%	73,55 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.8) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE ACTIVIDADE.

2.8.1- Expediente nº 22/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da comunicación previa presentada por D^a. A** o 20/10/2017 (r.e. 6571) para desenvolver a actividade de “**academia de ensinanza**” no inmovible situado na Avda. da Constitución 10B baixo- Portosín, con referencia catastral 4340606NH0343N0002KY.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de apertura, que a continuación se indica:

Epígrafe (art. 5 Ordenanza Fiscal nº 27)	Superficie do local	Cota tributaria
A). Actividades suxeitas ao réxime de declaración responsable ou comunicación previa	Máis de 100 m2	250,00 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

3. PATRIMONIO MUNICIPAL.

3.1) RECUPERACIÓN DA POSESIÓN SOBRE UN ESPAZO PÚBLICO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 01/09/2017 presentouse un escrito denunciando que un veciño construíra unha beirarrúa e colocara unhas macetas nun espazo público no lugar de Cans – Nebra, polo que solicita que o Concello de Porto do Son realice as actuacións necesarias para devolver o camiño ao seu estado orixinal.

Segundo.- A Policía Local informou o 13/09/2017 que no lugar de Cans, á altura do nº 13, hai unha beirarrúa na que se instaloron varias macetas, que o propietario da vivenda co nº 13 é D.J**, quen manifestou que beirarrúa a fixera seu irmán, xa falecido.

Terceiro.- Os servizos técnicos municipais emitiron informe o 30/10/2017 indicando:

“Realizada visita de comprobación do denunciado en data 27 de outubro de 2017, constatouse que foron colocadas unhas macetas no exterior dunha edificación, segundo amosan as fotografías que se inclúen no informe da Policía Local, e na denuncia presentada por D. Francisco Mariño Domínguez.

Segundo a cartografía do catastro, o lugar onde se colocan as macetas está integrado no viario de titularidade catastral pública.

Segundo o PXOM, os terreos onde se colocaron as macetas está destinados a viario público”.

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 17/11/2017, acordou requirir a D. J** para que no prazo de 10 días hábiles retirase o solado e as macetas colocadas na vía pública.

Tentada en dúas ocasións a notificación do acordo ao interesado, procedeuse á súa notificación mediante anuncio publicado no BOE nº 41 do 15/02/2018, sen que se formulase ningún tipo de alegación ou recurso.

Quinto.- O 08/03/2018 a Policía Local emitiu un novo informe dando conta de que non foran retiradas as macetas que ocupaban a vía pública. As fotografías incorporadas ao informe evidencian, igualmente, que tampouco foi retirada a soleira.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O art. 28 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas (LPAP), imponse a estas a obriga de protexer e defender o seu patrimonio, procurando a súa inscrición rexistral e exercendo as potestades administrativas e xudiciais procedentes.

Para a defensa dos seus bens e dereitos, o art. 41 LPAP atribúelle ás Administracións Públicas a potestade para “*recuperar de oficio a posesión indebidamente perdida sobre os seus bens e dereitos*”, previsión que reitera para as Entidades Locais o art. 82 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Segundo.- O exercicio da potestade de recuperación da posesión en vía administrativa poderá exercitarse “*en calquera tempo*” se os bens e dereitos cuxa posesión se pretende recuperar teñen a condición de bens de dominio público [arts. 55.2 LPAP e 70.1 do RD 1372/1986, do 13 de xuño, Regulamento de bens das Entidades Locais (RBEL)].



Terceiro.- No suposto, resulta acreditado polos informes que obran no expediente que D. J** ocupou parte do viario de uso público e titularidade municipal cunha soleira e unhas macetas, carecendo de calquera título que ampare a indicada ocupación.

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Ordenar a D. J** que no prazo máximo dun mes proceda á retirada da soleira e macetas colocadas sobre a vía pública no lugar de Cans, 13 – Nebra e que impiden ou dificultan o uso xeral.

En caso de incumprimento, de conformidade co previsto no art. 56 LPAP e nos arts. 99 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, procederase á execución subsidiaria do ordenado a custa do obrigado ou á súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de ata un 5 por cento do valor dos bens ocupados, reiterables por períodos de 8 días ata que se produza o desaloxo.

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados con expresión do réxime de recursos aplicable.

4. ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓN.

A Xunta de Goberno Local, en uso da competencia conferida polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 52, 53 e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) , segundo os cales lle correspóndelle á Xunta de Goberno Local como atribución propia e indelegable a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións aparte das atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle poidan delegar; procede a prestar a asistencia ao Alcalde- Presidente no exercicio das súas atribucións, sendo informada neste momento de todas as decisións de goberno do Alcalde- Presidente dende a anterior Xunta de Goberno Local.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **14:25 horas**, do día **15 de marzo de 2018**, de todo o que se estende a presente acta da que eu, como secretario, dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

Asdo. José Manuel González García.